



Unso Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, COMERCIO, INDUSTRIA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Redactada a a proposta da Ordenanza Reguladora da Instalación de Terrazas no Concello de Cambados, e informada por parte do Secretario Xeral, é polo que propoño á Comisión Informativa permanente de Economía e Patrimonio dictamine en sentido favorable a modificación e eleve ao pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da Instalación de Terrazas no Concello de Cambados segundo a redacción dada polo Concelleiro de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espacio de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial, e darlle audiencia ás asociacións comerciais e de hostalería inscritas no Rexistro Municipal polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.


Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Cuarto.- Publicación e entrada en vigor: Dacordo co disposto no artigo 70.2 da ley 7/195, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local a modificación non entrará en vigor ata que se publique íntegramente o texto da modificación no BOPPO e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 (15 días hábiles a partires da recepción do acordo por parte da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma).

En Cambados a 24 de maio de 2016

Concelleiro de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica

Asdo: Xurxo Charlín Trigo



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Portovedra)

INFORME DE SECRETARÍA

En cumprimento do disposto no artigo 3 do RD 1174/1987, de 18 de setembro, emítese informe sobre a modificación do Regulamento do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados.

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantizada, é o recoñecemento a favor dos Entes Locais que integran a Administración Local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola LRBRL (artigo 4) intérprete do conxunto de potestades das que gozan os Entes Locais para que poidan participar, por medio de órganos propios, no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias. Trátase pois da potestade atribuída ós entes locais de dictar normas de carácter xeral con unha forza paralela á que teñen os regulamentos estatais ou autonómicos, creando así un ordenamento xurídico propio, e o seu exercicio debe ser sempre respetado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do término autonomía, que ten como un dos seus significados, a capacidade de autonormarse.

A LRBRL, que como sabemos, constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe ós municipios na súa calidade de Administracións Públicas de carácter territorial dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentarias e de autoorganización (artigo 4.1.a. da Lei 7/85). Dita previsión atópase prevista no articulado da mesma norma, concretamente no 84.1.a) que establece que as Corporacións Locais poderán intervir a actividade dos seus cidadáns a través de Ordenzas e Bandos.

No caso que nos ocupa o artigo 30 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece que as Corporacións Locais Terán plena capacidade para constituir, organizar, modificar e suprimir os servizos da súa competencia tanto na orde persoal coma na económica e calesquera outros aspectos, con respecto á Lei de Réxime Local, e aos seus Regulamentos e demais disposicións de aplicación.

SEGUNDO.- En canto ao articulado

En primeiro lugar dicir que considerárase uso común especial (artigos 75 e 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais) Regulamento de Bens das Corporacións Locais cando concorran determinadas circunstancias singulares, que poden vir dadas pola perigosidade, intensidade de uso ou calquera outra semellante, circunstancias específicas que xustifican a necesidade dun control ad hoc pola administración, que se traduce na esixencia de obter do usuario do dominio público a correspondente autorización administrativa previa, suxeitándose a licenza. A distinción entre uso privativo non deixou de ofrecer serios problemas interpretativos na práctica, como puxo de manifestó a doutrina e a propia xurisprudencia, se ben quixose ver esa distinción dende un dobre punto de vista: no respecto material, en canto o uso privativo comporta a existencia de instalación que permiten ese uso excluínte a diferenza do uso especial que no requiría esas instalación, e dende un punto



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontvedra)

de vista xurídico porque o privativo está suxeito a concesión (artigo 78 do RB) en tanto que o especial só a licenza. A Sentenza do Tribunal Supremo de 22 de febreiro de 1999 considera uso común especial a ocupación da vía pública que se efectúa con instalacións provisionais que poden ser retiradas en calquera intre e que aplica á terraza ou marquesiña-xarnineira desmontable.

Con respecto ao artigo 16.1 clarifícase que as licenzas non se poden outorgar *sine die* (O artigo 79 do RB establece que en ningún caso poderá outorgarse concesión ou licenza alguna por tempo indefinido), asimismo outórganse salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

O artigo 18.1 da Ordenanza fixa o horario, horario que reflexa o previsto na Orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecimentos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia para bares e café-bares.

Respéctanse no artigo 26 da Ordenanza os límites das sancións económicas en base á esixencia establecida no artigo 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- En canto ós límites da potestade regulamentaria veñen impostos polo respecto a:

- O principio de legalidade e da súa consecuente xerarquización de normas.
- O principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica.
- Os límites fixados, no seu caso, pola lei sectorial ou, no seu defecto pola lexislación de Réxime Local.
- Os límites formais da súa aprobación e publicación.

CUARTO.- Procedemento:

1º.- Aprobación inicial da modificación co quórum da maioría simple (previo dictame da comisión informativa).

2º.- Información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias. A LRBRL, a diferenza do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais para as Ordenanzas Fiscais, non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no BOP ou simplemente sexa suficiente coa inserción no taboleiro de edictos da Corporación, por ilo haberá de estarse ó que dispoña ó efecto o artigo 86.2 da Lei 30/92, que establece que o período de información pública, realizarase a través de anuncio no Boletín Oficial do Estado, da Comunidade Autónoma, ou no da Provincia respectiva; a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento, ou a parte do mesmo que se acorde. O anuncio sinalará o lugar de exhibición e determinará o prazo de alegacións, que en ningún caso poderá ser inferior a vinte días. (Neste caso concreto 30 días e publicación no BOP). Doutra parte ao esixirse non só información pública, senón tamén a audiencia aos interesados, deberá notificarse no trámite ás organizacións e asociacións recoñecidas (artigo 105.a da Constitución Española) que representen, neste caso, ós intereses dos veciños, pois noutro caso, habería de notificarse a todo éstos. Neste senso, a Sentencia do Tribunal Supremo, de 14 de xuño de 1994, sinala que a expresión "audiencia dos interesados", obriga non só á normal publicación oficial do acordo de apertura do trámite de información



Pleno Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

pública, senón tamén a efectuar unha notificación individual (artigo 194 do ROF) en todos aqueles casos en que existan afectados ou interesados que estén claramente determinados e resulten coñecidos pola Administración, para que poidan defender os seus dereitos e intereses lexítimos. Non podendo ser tales, unha categoría completa de persoas (neste caso a todos os vecinos do Concello).

O trámite de información ás entidades corporativas e representativas dos intereses afectados pola disposición equivale e substitúe ó de audiencia dos interesados. A través do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, ao que se refire o artigo 236 do ROF, pódese dar cauce á audiencia corporativa referida, neste caso concreto ás asociacións empresariais.



Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. O quorum esixido para a súa aprobación é o de maioría simple.

Publicación: Dacordo co disposto no artigo 70.2 as Ordenanzas, publicaránse no BOP e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2, iste prazo é de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular o requerimento de anulación do Regulamento, contados a partires do seguinte a aquel en que sexa remitida en cumprimento do disposto no artigo 56 da LRBRL (seis días para a remisión mais quince días para o requerimento - artigos 196.3 e 215.2 do ROF),.

E este é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo, de que o Pleno, co seu máis alto criterio estime o que considere oportuno.

En Cambados a 24 de maio de 2016.

O Secretario Xeral



Asdo: Francisco Javier Oubiña Lodeiro

PELAYO EYO VALLADARES, ARQUITECTO TECNICO MUNICIPAL DESTE
ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS.

INFORMA:

Sobre expediente	ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO CONCELLO DE CAMBADOS
Promovido por	De Oficio
Para	Informe previo a sua aprobación.
En	Cambados.

A vista do Proxecto de modificación da Ordenanza de Terrazas, remitido e dentro do marco de competencias desta oficina técnica, entendo que tal modificación, ven a resolver moitos dos problemas que se detectaron durante a vida da actual Ordenanza, ademais de axustarse a normativa técnica que se foi aprobando entre a actual e ésta, e unha vez comprobado o seu axuste a normativa técnica vixente que pode influir na sua redacción, emito :

INFORME FAVORABLE

A aprobación da mesma polo órgano municipal correspondente.

Cambados a 19 de mayo de 2016.



The image shows a handwritten signature in black ink, which is somewhat stylized and difficult to read. To the right of the signature is an official circular seal. The seal features a central emblem with a crown on top and a shield below. The text around the perimeter of the seal reads "ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS" at the top and "TECNICO MUNICIPAL" at the bottom, separated by two small stars.



INFORME PATRIMONIAL

PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL DO MUNICIPIO DE CAMBADOS

TIPO DE INFORME:

PROXECTO CONCELLO DE CAMBADOS

OBXECTO:

APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español

Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia

Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cambados

Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico de Cambados

Vista o texto da Ordenanza Reguladora da Instalación de Terrazas no Concello de Cambados, no que respecta á protección e conservación do Patrimonio Cultural no ámbito municipal, Infórmase o seguinte:

1. A Ordenanza non incumpre ningunha das normativas de aplicación en canto á protección, conservación e salvagarda do Patrimonio Cultural Municipal.
2. Para o ámbito do Conxunto Histórico a normativa de aplicación será sempre o Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico-Artístico de Cambados.
3. Os artigos correspondentes coas características de orde estética non menoscaban nin afectan negativamente aos valores urbanísticos, arquitectónicos, paisaxísticos, estéticos e patrimoniais daqueles bens e/ou espazos protexidos ou de especial interese e valor cultural.

Cambados, 19 DE MAIO DE 2016

Firma manuscrita de Javier Montero Pérez, que aparece como unha serie de liñas fluidas e entrelazadas.

Asdo. Javier Montero Pérez

Técnico Municipal do Patrimonio Cultural